

## Comentarios de Texto

Todo home, con tal de que non viole as leis da xustiza, debe quedar perfectamente libre para abrazar o medio que mellor lle pareza para buscar o seu modo de vivir, e os seus intereses; e que poidan saír as súas producións a competir coas de calquera outro individuo [...].

Segundo o sistema da liberdade de negocios, ao soberano só lle quedan tres obrigas: [...] a primeira, protexer as sociedade da violencia e da invasión doutras sociedades [...], a segunda, poñer no posible a cuberto da inxustiza e da opresión dun membro da república a outro que o sexa tamén desta [...]; a terceira, a de manter e erixir certas obras e establecementos públicos.

Adam Smith, *Investigación sobre a natureza e causa da riqueza das nacións*, 1776

Artigo 1. A Nación española é a reunión de todos os españois de ambos os hemisferios.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na Nación, e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.

Constitución de Cádiz, 1812.

Señor, era costume dos antigos persas pasaren cinco días de anarquía despois do falecemento do seu rei, a fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas os obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor. Para selo España a VM non necesitaba igual ensaio en seis anos da súa catividade [...]; mais, como en ausencia de VM se mudou o sistema [...] e nos achamos á fronte da nación nun Congreso que decreta o contrario do que sentimos [...], cremos un deber manifestar que [...] a monarquía absoluta [...] é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado. [...] Non podendo deixar de pechar este respectuoso Manifesto [...] coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz e por non aprobada por VM.

Manifesto dos Persas (12 de abril de 1814)

Toda historia da sociedade humana, ata hoxe, é unha historia de loita de clases....Opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida...

A revolución comunista significa a ruptura máis radical coas relacións de produción tradicionais...O proletariado usará o seu poder político para arrincar paso a paso á burguesía todo o seu capital, centralizar todos os instrumentos de produción nas mans do Estado, é dicir, do proletariado organizado como clase dominante....Nun principio, todo iso só é posible, naturalmente, mediante intervencións despóticas no dereito de propiedade e nas relacións burguesas de produción.

K. Marx e F. Engels, Manifesto comunista, 1848

Consecuencia deste sistema é o caciquismo, isto é, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumento do deputado, son donos dos resortes administrativos.

O cacique dá e quita míseros empregos dos que gozan os máis pobres da vila; seus son o carteiro e o peón camiñeiro.

O cacique é quen ao facer a repartición da contribución carga a man ao adversario, aliviando o amigo, do que se orixinan porradas e mesmo puñaladas

[Benito Pérez Galdós, Política española -antoloxía de artigos- 1885]

Falar de paz está de moda. Pero é en honor da paz que estamos a construír uns orzamentos de guerra colosais. Ah! A boa paz!. O alimento que devora o sangue dos pobos. Enviar ás fábricas metalúrxicas unha orxía de pedidos para preparar a guerra é un vello truco. Non, non, din, é para asegurar mellor a paz. Acoirazados e máis acoirazados, orzamentos e máis orzamentos, millóns e máis millóns, tremendo brandito leito para esa boa deusa da paz”

Jean Jaurès (socialista e político francés) no diario L’Humanité 27 de outubro de 1905

O Fascismo rexeita as ideoloxías democráticas, tanto nas súas premisas teóricas como nas súas aplicacións prácticas. O Fascismo nega que o número, polo único de ser número, poida dirixir a sociedade humana; nega que este número poida gobernar, por medio dunha consulta periódica; afirma a desigualdade irremediable, fecunda e benéfica dos homes (...)

O Fascismo rexeita, na democracia, a absurda mentira convencional da igualdade política, o espírito de irresponsabilidade colectiva e o mito da felicidade e do progreso indefinido. Pero, se a democracia pode ser interpretada de xeito diferente, é dicir, se a democracia significa non colocar ó pobo á marxe do Estado, o Fascismo, pode ser definido por quen escribe como democracia organizada, centralizada, autoritaria.

B. Mussolini, *A doutrina do Fascismo*, 1932.

A nosa principal tarefa é poñer o pobo a traballar. Non é un problema insoluble se o afrontamos con sabedoría e valentía. Esta tarefa pode realizarse en parte se o Goberno ... ofrece empregos directamente... É posible colaborar nesta tarefa se se fan esforzos precisos co fin de elevar os prezos dos produtos agrícolas e, así, o poder adquisitivo dos nosos cidadáns...Por último...deben supervisarse estritamente tódalas actividades bancarias...poñéndose fin as especulacións.

F.D. Roosevelt, *discurso de toma de posesión*, 1933